

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 22 DE NOVEMBRO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas provinciais OU-1259 Silvares-Requeixo de Grou e OU-1258 travesía A Lama de Torno a prol do Concello de Lobios.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de xustiza.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, para a construción en Ourense dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia e da Rede Natura 2000, por un importe total de catro millóns setecentos noventa e un mil trescentos dous euros con oitenta e un céntimos (4.791.302,81 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Muxía II, concello de Muxía, A Coruña, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre unha nova operación no marco do Plan anual de endebedamento.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a autorización da Comisión Europea do novo *tax lease*.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a liña de apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a captación de talento científico e innovador nas universidades galegas.


## **A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS EN LOBIOS A PROL DESTA CONCELLO OURENSÁN**

- ***A cesión da estradas OU-1259 (Silvares-Requeixo de Grou) e OU-1258 (travesía da Lama de Torno) lévase a cabo co obxecto de simplificar e facilitar a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes ou a construción de infraestruturas***
- ***O Concello de Lobios deberá incorporar ao seu Plan de estradas as vías a que se refire este decreto***

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de hoxe aprobou o decreto de cambio de titularidade das estradas provinciais OU-1259 (Silvares-Requeixo de Grou) e OU-1258 (travesía da Lama de Torno) a prol do Concello de Lobios.

A cesión é conveniente co obxecto de simplificar e facilitar a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes, construción de infraestruturas e servizos urbanos, etc. O concello asumirá a súa titularidade e mantemento.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994 que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquire características urbanas entregaranse aos concellos respectivos.



En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. De acordo co exposto, o Concello de Lobios deberá incorporar ao seu Plan de estradas as vías a que se refire este decreto.

## **A XUNTA DE GALICIA APROBA A DELIMITACIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS AO SEU PASO POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- ***Este tramo exclúirase da delimitación definitiva do Camiño Francés, aprobada o 1 de decembro de 2011, por considerarse necesario realizar un estudo específico que analizase todas as rutas xacobeas e os seus ámbitos de protección sobre o territorio do concello de Santiago e sobre o seu planeamento urbanístico***
- ***Coa aprobación deste decreto, queda delimitada a totalidade do Camiño Francés ao seu paso por Galicia, que vai desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago***

O Consello da Xunta aprobou a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, ao seu paso polo Concello de Santiago de Compostela. Este tramo exclúirase da delimitación definitiva do Camiño Francés, aprobada o 1 de decembro de 2011, por considerarse necesario realizar un estudo específico que analizase desde un punto de vista integral a incidencia de todas as rutas xacobeas e os seus ámbitos de protección sobre o territorio do concello de Santiago e sobre o seu planeamento urbanístico.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, despois de realizar un estudo que analiza os ámbitos de protección do Camiño no termo municipal de Compostela, redactou unha nova proposta de delimitación que se presentou ao Comité Asesor do Camiño de Santiago, e obtivo o seu informe favorable. Nos planos do anexo deste decreto fíxase o trazado e os límites do territorio histórico que conforman o ben de interese cultural. Esta delimitación inscribírase no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e no rexistro do Ministerio de Cultura. O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.


Co decreto que se aproba hoxe queda delimitada a totalidade do Camiño Francés ao seu paso por Galicia, que vai desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela. A delimitación do tramo comprendido entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino (que se excluía tamén da declaración inicial), foi aprobada co Decreto 144/2012, do 29 de xuño, publicado no DOG nº 133, do día 12 de xullo de 2012.

A través destas disposicións queda fixada a ruta principal do Camiño de Santiago, e delimitado o ámbito do Camiño Francés declarado ben de interese cultural, así como unha zona de influencia, tamén chamada de amortecemento, merecedora dunha protección adicional de tipo ambiental. Calquera intervención legalmente permitida que pretenda realizarse dentro do ámbito deberá ser autorizada pola Consellería de Cultura con carácter previo á concesión da correspondente licenza municipal.

### **Itinerario de gran valor cultural**

O Camiño de Santiago Francés ao seu paso por Galicia é un dos bens singulares máis sobranceiros, prezados e visitados dentro do conxunto do patrimonio cultural galego protexido. En virtude do Decreto 2224/1962, do 5 de setembro, está declarado ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico. En 1993 foi incluído na lista dos bens recoñecidos como Patrimonio da Humanidade e no ano 1997 recibiu por parte do Consello de Europa o recoñecemento de Primeiro Itinerario Cultural Europeo.









## **O COLEXIO DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA COLABORARÁ COA XUNTA EN MATERIA DE ASISTENCIA PERICIAL Á XUSTIZA**

- ***O Colexio elaborará unha lista de peritos e a repartición de peritaxes, e a Consellería de Presidencia pagará trimestralmente as compensacións económicas***

O Consello da Xunta desta mañá deu luz verde a un protocolo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de xustiza en Galicia.

A finalidade deste protocolo é que o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia organice unha quenda para a prestación de asesoramento e ditame pericial nos procedementos nos que o Ministerio Fiscal, un xuíz ou tribunal requiran a proba pericial de oficio ou cando a proba fose acordada por solicitude dun beneficiario de asistencia xurídica gratuíta.

Segundo se desprende do acordo, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia realizará a selección e clasificación dos profesionais para elaborar unha lista de peritos na súa materia e a repartición de peritaxes. Ademais, tamén será o encargado da formación e o control deontolóxico dos peritos, a liquidación das peritaxes e a repartición das cantidades que se percibirán da Administración para a súa indemnización.

Pola súa banda, a Consellería de Presidencia pagará as liquidacións trimestrais das compensacións económicas polas peritaxes realizadas ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, sen necesidade de que se dite sentenza. O protocolo de colaboración entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá unha vixencia indefinida.

### **A relevancia do perito xudicial**

A complexidade das materias que chegan aos xulgados fan necesarios coñecementos científicos, técnicos e prácticos para que o xulgador poida valorar as diversas circunstancias relevantes no asunto que se ten que axuizar. Como os xuíces non poden ter todo tipo de coñecementos especializados, recórrase ao asesoramento dos peritos, profesionais obxectivos e expertos coñecedores das materias obxecto do ditame solicitado.

De aí a importancia deste tipo de probas, que contribúen á axilidade, calidade e eficacia da Administracións de xustiza, a través de informes rigorosos indispensables durante a etapa de investigación, e que subministran aos xuíces argumentos e razóns para alcanzar un ditame.

Conscientes da importancia deste traballo, a Consellería de Presidencia, en colaboración coa Unión Profesional de Galicia, presentou en febreiro deste ano a Guía de peritos xudiciais 2012. Esta guía, pioneira en Galicia, é un instrumento moi necesario -e amplamente reclamado polo mundo da xustiza- e nela figuran máis de 1.800 peritos que poñen o seu coñecemento aos servizo dos órganos xudiciais e dos cidadáns galegos.

## **O CONSELLO AUTORIZA A COLABORACIÓN ENTRE XUNTA E MINISTERIO DE AGRICULTURA PARA O REMATE DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE PARQUES NATURAIS DE OURENSE**

- ***O orzamento para a finalización dos traballos previstos ascende a 4,7 millóns de euros***
- ***A vixencia do primeiro convenio finalizou sen que o anterior Goberno central rematase as obras, das cales só tiña executados 2,2 millóns de euros***
- ***Unha vez construído o centro polo Ministerio será entregado mediante acta á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que procederá ao seu equipamento museístico.***

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou o segundo convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a finalización do centro de interpretación dedicado ao coñecemento dos parques naturais de Galicia e á Rede Natura 2000 en Ourense.

A presente colaboración permitirá a terminación e posta en funcionamento do Centro de Interpretación dos Parques Naturais e da Rede Natura. O orzamento para as actuacións previstas neste centro ascende a 4,7 millóns de euros.

A parcela onde se sitúa o edificio sitúase na zona de Eirasvedras- Canedo e foi cedida para o fin polo Concello en novembro de 2008.

O centro irá orientado a un amplo universo de usuarios como grupos de colexios, veciños da cidade ou visitantes sensibilizados e interesados no patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia.

Este edificio tenta aproximar á sociedade a importancia ecolóxica dos espazos naturais e da Rede Natura 2000 e difundir unha concienciación ambiental das implicacións que supoñen estas figuras de protección.

Unha vez construído o centro polo Ministerio e recibidas as obras, será entregado mediante acta á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que procederá ao seu equipamento museístico.

A explotación do centro farase a través dun modelo onde a xestión dos servizos que se presten se materialicen mediante contratos de concesión de servizos, de xeito que os custos derivados do funcionamento do edificio estarán asumidos directamente polo concesionario dos servizos unha vez adxudicado o contrato. Como consecuencia a

explotación do centro non suporá partidas adicionais ás consignadas no convenio para a Xunta de Galicia.

Por outro lado o centro contará cunha unidade administrativa dos servizos provinciais da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, coa conseguinte diminución de gasto corrente para a Consellería. Este traslado suporá un aforro en concepto de aluguer de 120.000 euros por lexislatura para a Xunta de Galicia.

### **Antecedentes**

O 30 de xullo de 2008 o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a Consellería de Medio Ambiente subscribiron un convenio para a construción en Ourense dun centro de interpretación dos parques naturais e da Rede Natura 2000. Unha vez finalizada a vixencia do convenio, as obras non estaban rematadas. De feito, tan só estaban certificados polo anterior Executivo central 2,2 millóns de euros, polo que a actual Xunta de Galicia volve asinar un acordo co actual Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para finalizar a execución do edificio.

## **A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO MUXÍA II E PERMITE UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 23 MILLÓNS DE EUROS NESTE CONCELLO CORUÑÉS**

- ***Con esta instalación, que contará con 11 aerogeradores e cunha potencia total de 22 MW, Galicia avanza na produción de enerxía a partir de fontes renovables***
- ***A Consellería de Economía e Industria está a impulsar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector***

O Consello da Xunta aprobou definitivamente o parque eólico Muxía II como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o que supón o último paso na tramitación autonómica deste parque que estará composto por 11 aerogeradores cunha potencia total de 22MW.

A aprobación desta nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, que prevé un investimento de máis de 23 millóns de euros, supón un novo avance na aposta estratéxica do Goberno galego polo desenvolvemento deste tipo de enerxías máis limpas, así como un paso máis na redución de fontes contaminantes e da dependencia do exterior.

Neste sentido, cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta os concellos, de xeito que por medio do canón eólico se recadaron xa 70 millóns de euros destinados aos municipios galegos.

O prazo de execución previsto para o parque eólico Muxía II, ata a completa posta en marcha das instalacións, é de doce meses a partir do inicio das obras, para as cales a empresa promotora, Desarrollos Eólicos, S.A., deberá agora solicitar a licenza municipal.

Este é o segundo parque eólico en Muxía que aproba este ano o Consello da Xunta, que aprobou o pasado mes de agosto o parque eólico Muxía I, que suporá un investimento de 50 millóns de euros, cunha potencia de 46 MW e 23 aerogeradores.

## **A XUNTA ACORDA CO BEI 80 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS**

- ***A conselleira de Facenda asinou esta operación de préstamo en Santiago con responsables da entidade financeira***

A Xunta de Galicia chegou a un acordo co Banco Europeo de Investimentos (BEI) para que esta entidade financie con 80 millóns de euros investimentos na comunidade autónoma.

A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, asinou hoxe en Santiago de Compostela con responsable do BEI esta operación de préstamo, que terá un prazo de 20 anos e un tipo de xuro fixo do 3,11%.

Esta operación supón un apoio do BEI ás propostas presentadas desde Galicia, que tiveron un perfecto encaixe na filosofía de actuacións desta entidade, e supón unha importante inxección de fondos para o desenvolvemento de importantes investimentos na comunidade autónoma.

Este préstamo, que se enmarca no Programa anual de endebedamento da comunidade, autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), é un novo exemplo de que Galicia segue a financiarse no mercado sen necesidade de acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomías que non logran financiarse con normalidade.

A pesar do importante risco periférico que está afectando España, esta comunidade foi a única que completou o seu programa anual de 2011 en tempo e forma e segue gozando de prestixio entre entidades e investidores, tanto españois como europeos.

A Xunta de Galicia mantivo durante toda a lexislatura un endebedamento controlado e emitiu estritamente a porcentaxe aprobada cada exercicio no seo do CPFF. Dos 50.000 millóns de euros que o Goberno central puxo á disposición das comunidades autónomas nestes dous mecanismos, Galicia non pediu nin un só euro.

## A XUNTA SINALA QUE A APROBACIÓN DO *TAX LEASE* ABRE UNHA NOVA ETAPA PARA O NAVAL GALEGO E INSTA A BRUXELAS A RESOLVER A RETROACTIVIDADE E DAR SEGURIDADE AO SECTOR

- *O goberno salienta o traballo levado a cabo para conseguir o novo marco fiscal e espera que se produzan pronto as primeiras contratacións*
- *Sinala que a aprobación por parte da UE do novo sistema de bonificacións fiscais permitirá, despois dun ano e medio, que os estaleiros galegos volvan contratar nas mesmas condicións que o resto de Europa*
- *A proposta aprobada pola Comisión Europea está baseada na última das alternativas enviadas polo Goberno galego ao Executivo central e traballada en colaboración con Pymar*
- *O novo modelo recolle a amortización anticipada e acelerada como unha medida xeral e unha exención de plusvalías na transmisión da AIE e na transmisión do buque unha vez que se produza a amortización contable*
- *A Xunta agarda que a Comisión Europea se pronuncie sobre a devolución das axudas para garantir o futuro do naval galego*
- *O Executivo destacou o compromiso adquirido polo Goberno central que desde o primeiro momento defendeu en Bruxelas a competitividade dos estaleiros galegos*

O Consello da Xunta de Galicia salientou hoxe o traballo realizado para acadar a reactivación do *tax lease* que permitirá que os estaleiros galegos inicien unha nova etapa e volvan contratar nas mesmas condicións de competitividade que o resto de estaleiros europeos. Na reunión celebrada esta mañá informouse das actuacións levadas a cabo pola Xunta para conseguir a reactivación do modelo de bonificación suspendido pola Unión Europea no mes de xuño do pasado ano, así como das características do novo sistema.

Tras o bloqueo do *tax lease*, hai ano e medio, a Xunta de Galicia intentou, da man do sector naval galego e de Pymar, buscar alternativas. Foron meses de intenso traballo nos que houbo que superar a indiferenza do anterior Goberno central, que non amosou interese por resolver o problema, e o bloqueo inxustificado da Comisión Europea. A pesar diso, a Xunta presentou ata cinco propostas distintas de *tax lease* que foron negociadas polo novo Executivo central, implicado desde o primeiro momento na resolución do conflito, ata que se acadou o acordo con Bruxelas para a súa aprobación.

Durante este ano e medio, levouse a cabo una estreita colaboración co Goberno Central e celebráronse varias reunións ao máis alto nivel entre o presidente da Xunta de Galicia, a vicepresidenta do Goberno e o ministro de Industria nas cales se establecían as estratexias que se debían seguir en Bruxelas. Finalmente, a proposta que sae adiante está baseada na última deseñada pola Xunta coa colaboración de Pymar, no mes de maio, e defendida polo goberno central ante a Comisión.

O novo *tax lease*, que xa conta co visto e praxe de Bruxelas, establece que a fórmula de amortización anticipada e acelerada sexa proposta como unha medida xeral, aplicable a todos os activos con procesos produtivos superiores a un ano e que non comporten unha produción en serie, para o que é necesario un cambio na normativa do imposto de sociedades, medida que se levará a cabo mediante a aprobación dun real decreto lei.

O esquema do novo modelo sería o mesmo que o empregado ata agora, só que ao finalizar a estrutura o armador adquiriría a AIE (agrupación de interese económico) propietaria do buque, en lugar do buque directamente.

Agora que o futuro está encamiñado, a Xunta salienta a necesidade de que Bruxelas se manifeste o antes posible sobre a retroactividade da suspensión do réxime anterior. O Goberno salienta que é necesario que a Comisión resolva o pasado para achegar plena seguridade ao sector naval galego e sinala que ese factor supón un tema innegociable para a Xunta de Galicia que utilizará todos os medios que ten na súa man para que se respecte o principio de confianza lexítima dos estaleiros nas contratacións de buques feitas ata a data.

A Xunta manifesta o seu agradecemento ao Goberno central pola súa implicación desde o primeiro momento co fin de resolver unha situación de vital importancia para un sector estratéxico en Galicia como é o naval e agarda que os estaleiros galegos comencen a pechar contratacións e as súas gradas volvan á normalidade o antes posible.



## **A XUNTA, ÚNICO GOBERNO AUTONÓMICO QUE COFINANCIARÁ AS AXUDAS RAMON Y CAJAL E JUAN DE LA CIERVA PARA QUE A UNIVERSIDADE GALEGA DEA UN SALTO DE CALIDADE NO RANQUIN DE INVESTIGACIÓN**

- ***Sobre as contías achegadas polo Goberno central, Educación achegará 10.000 euros por cada bolsa "Ramón y Cajal" e 7.000 por cada axuda "Juan de la Cierva"***
- ***Trátase dunha iniciativa pioneira e única en España para contribuir a captar talento científico e innovador***
- ***A Consellería liberará ás universidades e centros galegos que acollan aos bolseiros de pagar o complemento das axudas convocadas polo Ministerio de Economía y Competitividade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumirá o financiamento complementario da contratación de investigadores ao abeiro das convocatorias de 2012 dos programas "Ramón y Cajal" e "Juan de la Cierva", co obxectivo de contribuir a que o noso sistema universitario mellore nos *ranquin* internacionais de investigación, grazas ao salto de calidade que, mediante as referidas bolsas, se obterá coa captación de novos talentos. Con esta medida, que se recolle no informe sobre esta liña de apoio analizada hoxe polo Consello da Xunta, Galicia convértese na Comunidade pioneira no que se refire ao cofinanciamento neste eido da investigación.

A iniciativa supón que por primeira vez en España os centros do Sistema universitario de Galicia (SUG) que acollan a estes investigadores non terán que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo Ministerio de Economía e Competitividade, que ascendería a 50.000 euros -10.000 euros por ano, durante un quinquenio- para cada un dos contratos "Ramón y Cajal", e a 21.000 euros para os "Juan de la Cierva", 7.000 por ano, durante un trienio. No primeiro caso, os adxudicatarios serán doutores investigadores con experiencia internacional, mentres que no segundo serán doutores recentemente titulados.

### **En apoio das universidades**

Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia incentiva as universidades do SUG a presentarse á convocatoria destes programas, moi competitivos, sen que comporte para elas unha carga orzamentaria. E faíno a día de hoxe anunciando o seu apoio en forma de desembolso, antes de que remate o prazo de presentación dos candidatos á convocatoria publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade. Polo demais, o compromiso de cofinanciamento instrumentarase unha vez que se resolvan as convocatorias e se coñeza o número de contratos concedidos, sobre un total de 175 axudas "Ramón y Cajal" e 225 "Juan de la Cierva", convocadas polo Ministerio para toda España.

### **Busca e captación de talento**

Como é sabido, a Xunta de Galicia está a desenvolver, ao abeiro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (I2C) 2011-2015, unha estratexia propia de focalización e priorización da investigación e da innovación a partir das necesidades, os retos e as oportunidades socioeconómicas e científico-tecnolóxicas de Galicia. De feito, a Consellería está a xestionar algo máis de 49,2 millóns de euros, destinados ao desenvolvemento dos tres eixos do mencionado Plan galego I2C. O obxectivo é aliñarse co resto das políticas públicas do Goberno galego, do Estado español, e da Unión Europea, así como establecer sinerxías coa iniciativa privada.

Parte esencial deste Sistema integral de apoio á investigación é a promoción da captación do mellor talento científico e innovador para potenciar as capacidades dos recursos humanos e así fortalecer o Sistema público de investigación galego. Por iso, a Consellería considera fundamental incentivar e apoiar a presentación a estes programas moi competitivos dos mellores candidatos do SUG, tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que o investigador produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do sistema galego de I + D + i.

### **Investigadores de e para Galicia**

Así, ao asumir este financiamento complementario, o Goberno galego reforza as políticas de incorporación de persoal investigador nas universidades a fin de lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación e promove ademais a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos. Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito en este tipo de convocatorias, e establécense ademais sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I + D + i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permita procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

O obxectivo final é que o SUG dispoña dunha ampla base de talento, e despreparar unha política que atraia e reteña na ciencia e na empresa galega a profesionais competentes e comprometidos en conseguir resultados diferenciais en investigación e innovación que melloren a posición económica, científica e tecnolóxica de Galicia.

### **Outras iniciativas en investigación**

Cómpre lembrar, finalmente, que no 2011, primeiro ano de vida do Plan I2C, se puxeron en marcha as actuacións de apoio á etapa predoutoral, á cal xa se incorporaron nestes dous anos 200 persoas, 25 máis ao ano que as ofertadas polo INCITE. Tamén se cumpriron por parte da Consellería os compromisos de estabilización de 16 investigadores procedentes dos programas Parga Pondal e do antigo Plan INCITE e dos Ramón y Cajal do Estado.

En 2012, ademais de dar continuidade ás actuacións predoutorais e de estabilización púxose en marcha o apoio á fase posdoutoral 1, que cobre o período de mobilidade ao estranxeiro dos doutores novos con finalidade formativa así como o seu retorno, e para a que se convocan 75 axudas. Finalmente, concedéronse axudas a investigadores participantes nos prestixiosos programas Starting Grants e Consolidar.